



Por resolución reitoral do pasado día 9 de setembro publicouse a relación definitiva de aspirantes admitidos e excluídos á praza número 15/3043 convocada a concurso de méritos por resolución reitoral do 21 de xullo de 2015, para a contratación laboral dun profesor axudante doutor, da Área de Proxectos Arquitectónicos, Departamento de Proxectos Arquitectónicos e Urbanismo.

Na dita resolución do 9 de setembro, facíase pública igualmente a composición da comisión de selección encargada de xulgar o concurso para a provisión desta praza (anexo II). Entre os membros da comisión designábase ao profesor D. José Felipe Peña Pereda, no cargo de secretario da comisión na súa condición de Director do Departamento de Proxectos Arquitectónicos e Urbanismo.

Non obstante, o profesor Peña Pereda, non era xa nesa data director do mencionado departamento, ao ser cesado por resolución reitoral do 31 de agosto pasado, con motivo da súa xubilación.

Nesa mesma data do 31 de agosto de 2015, o reitor adoptou igualmente outra resolución encargando provisionalmente as funcións de Director do Departamento de Proxectos Arquitectónicos e Urbanismo ao profesor D. José Juan González-Cebrián Tello, como catedrático máis antigo do mesmo, con efectos do día 1 de setembro.

Por todo isto, esta Reitoría, comunícalle que se procede á substitución do profesor D. José Felipe Peña Pereda por D. José Juan González-Cebrián Tello, como secretario da comisión de selección da praza 15/3043, na súa condición de Director en funcións do Departamento de Proxectos Arquitectónicos e Urbanismo, de acordo co establecido no apartado 6.5 da Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador interino e laboral contratado, aprobada polo Consello de Goberno do 30 de abril de 2014.

A Coruña, 15 de setembro de 2015

Xosé Luís Armesto Barbeito

PRESIDENTE DA COMISIÓN DE SELECCIÓN DO CONCURSO 15/3043